



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Intervención

Aprobación do listado de lecturas de consumo dos usuarios dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Bergondo correspondentes ó segundo trimestre do ano 2021, así como a liquidación da taxa que os grava

EDICTO E ANUNCIO DE COBRANZA

Con data 11 de agosto de 2021, a alcaldesa do Concello de Bergondo, Alejandra Pérez Máquez, ditou a resolución número 937/2021, que transcrita di:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN do listado de lecturas de consumo dos usuarios dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Bergondo, correspondentes ó segundo trimestre do ano 2021, así como a liquidación da taxa que grava os citados servizos, e o listado de altas e baixas con respecto ó período inmediatamente anterior.

EXPEDIENTE: 2021/G003/000992

ANTECEDENTES:

A empresa VIAQUA, Gestión Integral de Augas de Galicia S.A.U. presentou o día 19 de xullo de 2021 co número 202199900002232 de rexistro de entrada, o listado de lecturas de consumo dos usuarios dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Bergondo, correspondentes ó segundo trimestre do ano 2021, así como a liquidación da taxa que grava os citados servizos, e o listado de altas e baixas con respecto ó período inmediatamente anterior.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

En uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de acordo con todo o indicado,

RESOLVO:

1. Aproba-lo padrón das taxas pola prestación do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Bergondo correspondente ó segundo trimestre de 2021 e expoñelo ó público mediante edito que se deberá publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días desde o día seguinte á correspondente publicación no boletín, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Aproba-las liquidacións que figuran no citado padrón dos abonados que constan no expediente desde A.Taibo, S.L. ata Zocon Ibérica, S.L., polo importe global de 304.825,43 € (270.274,59 € de liquidación e 34.550,84 € de canon de auga Galicia).

3. Contra as liquidacións incorporadas ao padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES, contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente. Así mesmo, a repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

4. Que se poñan ó cobro os recibos correspondentes a tales liquidacións. O período voluntario de cobro será de dous meses desde o día seguinte á publicación no Boletín do citado edicto. O pago farase efectivo na oficina de Viaqua, sita en Ctra. Coruña, 6, Bergondo. Tamén existe a posibilidade de domiciliar o pago das liquidación en entidades financeiras. Transcorrido este prazo iniciárase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de prema e devengarase os correspondentes xuros do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan. Así mesmo, a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

En Bergondo, mércores 11 de agosto de 2021.

A alcaldesa

Dou fe; a secretaria

Alejandra Pérez Máquez

Ana María Cacharrón Castelos

“

Bergondo, 11 de agosto de 2021.

A alcaldesa

Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

2021/6290